OBRADOIROS AUDIOVISUAIS CURSO 2010/2011

Televinte na súa labor de educación en comunicación propón un novo proxecto para o curso 2010/2011 que será a realización dunha serie de talleres audiovisuais, que teñen como finalidade a alfabetización audiovisual dos alumnos e alumnas de educación secundaria. Serán obradoiros que terán unha parte teórica común de linguaxe audiovisual: guión, realización e montaxe; e unha parte específica adecuándose ao medio que se estude en cada curso. En cada un deles levarase a cabo unha práctica, que será o eixe central dos mesmos. O propósito a conseguir é que os mozos e mozas sexan partícipes de todo o proceso de creación audiovisual, dende a concepción da idea e a elaboración do guión ata a montaxe final da obra. Esta actividade deber estar incluída dentro da Programación Xeral Anual do centro educativo como actividade complementaria.

Deste xeito os talleres que se impartirán serán os seguintes:

- 1º E.S.O.: Taller de animación.
- 2º E.S.O.: Taller de televisión.
- 3º E.S.O.: Taller de publicidade.
- 4º E.S.O.: Taller de cine.



Os **obxectivos** destes obradoiros son os seguintes:

- Que os alumnos e alumnas coñezan a linguaxe audiovisual e as técnicas e recursos empregados polos medios de comunicación audiovisual. Deste xeito, acadarán unha formación no ámbito audiovisual que lles permitirá seleccionar o tipo de produto que consumen.
- Desenrolar a creatividade.
- Emprego das novas tecnoloxías da información e a comunicación para crear unha mensaxe audiovisual.
- Estimular o traballo en equipo. Os medios audiovisuais son ante todo un traballo de moitas persoas, que teñen asignadas tarefas específicas. Os mozos e mozas aprenderán así a valorar cada unha das funcións necesarias para levar a cabo unha obra audiovisual e recoñecer o traballo realizado por estes profesionais.

TEMARIO

Parte común

- Guión: ferramenta básica de traballo. Guión literario e guión técnico.
- Narrativa audiovisual: división do tempo na narración audiovisual –plano, escena, secuencia-; tipos de planos, movementos de cámara, angulacións…
- Montaxe: definición de montaxe; elementos de puntuación –corte, fundido, encadenado, cortinilla-; a posprodución.

Parte específica

- ***Taller de animación***: fundamentos da animación; a animación stop-motion. A parte práctica consistirá na realización dunha pequena animación coa técnica stop-motion.
- ***Taller de televisión***: a linguaxe televisiva; a información na televisión; a creación da noticia. A parte práctica será a elaboración dun informativo televisivo.
- ***Taller de publicidade***: estratexias publicitarias; influencia da publicidade na sociedade. Na práctica levarase a cabo unha campaña publicitaria.
- ***Taller de cine***: o guión de ficción, linguaxe cinematográfica. A parte práctica estará destinada á elaboración dunha curtametraxe de ficción de entre 3 – 5 minutos, que poderá ser unha idea orixinal ou a adaptación dalgún relato breve.

No relativo á metodoloxía de realización deste obradoiros, o persoal de Televinte será o encargado de impartir os conceptos teóricos descritos no temario, así como de coordinar a elaboración das prácticas. Será necesaria a colaboración e implicación dun/ha profesor/a do centro.

TEMPORALIZACIÓN

Cada un dos obradoiros desenrolarase durante tres días. Deste xeito, o primeiro día dedicarase á parte teórica e á elaboración do guión; o segundo día levarase a cabo a gravación e o terceiro día os rapaces e rapazas realizarán a montaxe da súa obra audiovisual.

BOLETÍN INFORMATIVO Nº 10

Xuño—2010



Portada revista de Normalización Lingüística

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA

LAMA DAS QUENDAS DE CHANTADA

R.\ Alférez Baanante s/n
27500 - Chantada (Lugo)
Telf.: 982 440 551 – Fax: 982 440 912
e-mail: ies.lama.quendas@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/ieslamaquendas

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CALENDARIO FINAL DE CURSO 2009-2010

XUÑO	
Día 11	Última data para entregar as notas do alumnado con materias pendentes na Xefatura de Estudos, ata as 14:00 horas.
Día 16 ás 11:15 horas	Avaliación do alumnado con materias pendentes. Asistencia dos/as Xefes/as de Departamento.
Día 23	Derradeiro día de clase do curso 2009/2010.
Días 24 e 25	Avaliacións finais. Véxase **Anexo I**
Día 28	Entrega de notas ao alumnado a partir das 10:00 horas polos/as titores/as. Recollida dos libros de texto da E.S.O.
Días 26 e 29	**Para o alumnado**: Prazo de presentación de reclamacións ás cualificacións finais. **Para o profesorado titor**: Elaboración dos informes finais no XadeWeb.
Día 30	Ás 10:30 horas: Entrega das resolucións das reclamacións presentadas ás notas. Ás 11:00 horas: Claustro de profesorado. Ás 13:00 horas: Consello Escolar.

ANEXO I

DIA	HORA	GRUPO	LUGAR
Día 24 Xuño	09:00-09:50	2º E.S.O. B	Aula Multimedia
	09:50-10:40	2º E.S.O. A	Aula Multimedia
	10:40-11:30	1º E.S.O. B	Aula Multimedia
	11:30-11:45	*DESCANSO*	
	11:45-12:35	1º E.S.O. A	Aula Multimedia
	12:35-13:25	3º E.S.O. B	Aula Multimedia
	13:25-14:15	3º E.S.O. A	Aula Multimedia
Día 25 Xuño	09:00-09:50	4º E.S.O. A	Aula Multimedia
	09:50-10:40	4º E.S.O. B	Aula Multimedia
	10:40-11:10	4º E.S.O. Diver	Aula Multimedia
	11:10-11:30	*DESCANSO*	
	11:30-12:20	1º Bacharelato A	Aula Multimedia
	12:20-13:10	1º Bacharelato B	Aula Multimedia

Aclaracións:

- En beneficio de todos/as, prégase puntualidade.
- O profesorado debe reflectir as notas da súa materia na aplicación XADEWEB, deste xeito o/a profesor/a titor/a poderá facer copias da actilla e entregalas na xunta de avaliación. Para facilitar a tarefa, débese facer antes das 24:00 horas do comezo das avaliacións.
- Terase en conta que durante a entrega de notas tamén se recollerán os libros de texto ao alumnado que aprobe todas as materias.